



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

(Para cubrir polo centro educativo)

Código do centro: _____

Nome do centro: _____

(Para cubrir pola persoa que aplica a proba)

Código do alumno ou da alumna: _____


(Este código debe coincidir co que o alumno ou a alumna ten na listaxe de aplicación da proba)

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA Grupo: _____

(O nome do grupo coincidirá co que figura na listaxe de aplicación da proba)

AVALIACIÓN DE DIAGNÓSTICO 2013

**COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA
GALEGO/CASTELÁN**



INSTRUCCIÓN

Nesta proba vas escoitar e ler unha serie de textos e, a continuación, deberás contestar unhas preguntas relacionadas con eles.

As preguntas serán de distintos tipos. Algunhas terán catro posibles respostas, e ti deberás escoller a única correcta e **rodear** a letra que se atope ao seu carón.

A continuación, móstrase un exemplo de como se fai.

Exemplo 1

Cantos días ten unha semana?

- A. 6 días.
- ☒ B. 7 días.
- C. 8 días.
- D. 9 días.

Se te equivocas ou se decides cambiar a túa resposta, podes facelo riscando cunha **X** a túa primeira elección e rodeando a resposta que consideres correcta, tal e como podes ver no seguinte exemplo:

Exemplo 2

Cantos días ten unha semana?

- ☒ A. 6 días.
- ☒ B. 7 días.
- C. 8 días.
- D. 9 días.

Noutras preguntas pedirásese que escribas ti a resposta nun espazo sinalado por puntos. O debuxo dun lapis indicaráche onde debes empezar a escribir. É o caso do exemplo que se che ofrece a continuación.

Exemplo 3

Describe o teu mellor amigo ou amiga.



.....

.....



Tes **60 minutos** para facer a proba.



Intenta responder todas as preguntas.



Se ao final che sobra tempo, podes volver atrás.



Cando remates unha páxina, pasa á seguinte, ata chegares ao final.



Traballa o máis rápido que poidas, sen perderes o tempo.

COMPRENSIÓN ORAL

O primeiro exercicio consiste en escoitar.

Presta moita atención, porque despois vas ter que responder unhas preguntas relacionadas co que escoitaches.



ESCOITA ATENTAMENTE!

Non pases esta páxina ata que se che indique.

P.1. ¿Por qué surgieron los Juegos Olímpicos?

- A. Para elegir a los líderes políticos.
- B. Para demostrar qué ciudad era más poderosa.
- C. Para honrar a los dioses.
- D. Para celebrar el solsticio de verano.

P.2. ¿En qué consistía la hecatombe?

- A. En el sacrificio de cien bueyes en honor a Zeus.
- B. En el sacrificio de cien bueyes en honor a Olimpia.
- C. En el sacrificio de diez bueyes en honor a Zeus.
- D. En el sacrificio de cien mulas en honor a Zeus.

P.3. ¿Por qué se suspendieron tres ediciones en el siglo XX?

- A. Por falta de financiación económica.
- B. Porque no dejaban participar a las mujeres.
- C. Por las guerras mundiales.
- D. Porque ninguna ciudad quería ser sede.

P.4. ¿Qué pasaba si alguien no respetaba la tregua sagrada?

- A. No podía volver a participar.
- B. Era condenado a la cárcel.
- C. Era expulsado de la ciudad.
- D. No pasaba nada.

P.5. Cal das seguintes afirmacións sobre os Xogos Olímpicos é correcta?

- A. Tratábase dunha celebración de carácter militar.
- B. Neles só había actividades deportivas.
- C. A súa celebración non se interrompeu dende que comezaron.
- D. Ademais de deportes, había música e outras actividades.

P.6. Quen podía participar nos Xogos Olímpicos?

- A. Calquera persoa.
- B. Os homes libres.
- C. As mulleres casadas.
- D. Os escravos.

P.7. Con que se premiaban os vencedores?

- A. Con cen animais.
- B. Cunha medalla de ouro.
- C. Cunha coroa de ouro.
- D. Cunha coroa de oliveira.

P.8. Onde se disputaron os primeiros Xogos Olímpicos da Idade Moderna?

- A. En Olimpia.
- B. En París.
- C. En Atenas.
- D. En Londres.

CAPERUCITA EN MANHATTAN

La ciudad de Nueva York siempre aparece confusa en los atlas geográficos y al llegar se hace uno un poco de lío. Está compuesta por diversos distritos, señalados en el callejero por colores diferentes, pero el más conocido de todos es Manhattan; el que impone su ley a los demás y los empequeñece y los deslumbra. Le suele corresponder el color amarillo. Sale en las guías turísticas, y en el cine y en las novelas. Mucha gente se cree que Manhattan es Nueva York, cuando simplemente forma parte de Nueva York. Una parte especial, eso sí.

Se trata de una isla en forma de jamón con un pastel de espinacas en el centro que se llama Central Park. Es un gran parque alargado por donde resulta excitante caminar de noche, escondiéndose de vez en cuando detrás de los árboles por miedo a los ladrones y asesinos que andan por todas partes y sacan un poquito la cabeza para ver brillar las luces de los anuncios y de los rascacielos que flanquean el pastel de espinacas, como un ejército de velas encendidas para celebrar el cumpleaños de un rey milenario.

Manhattan es una isla entre ríos. Las calles que quedan a la derecha de Central Park y corren en sentido horizontal terminan en un río que se llama East River, por estar al este, y las de la izquierda en toro: el río Hudson. Se abrazan uno con otro por abajo y por arriba.

Vigilando Manhattan por la parte de abajo del jamón, donde se mezclan los dos ríos, hay una islita con una estatua enorme de metal verdoso que lleva una antorcha en su brazo levantado y la vienen a visitar todos los turistas del mundo. Es la estatua de la Libertad, vive allí como un santo en su santuario, y por las noches, aburrida de que la hayan retratado tantas veces durante el día, se duerme sin que nadie lo note. Y entonces empiezan a pasar cosas raras.

Los niños que viven en Brooklyn no todos se duermen por la noche. Piensan en Manhattan como en lo más cercano y, al mismo tiempo, lo más exótico del mundo, y su barrio les parece un pueblo perdido donde nunca pasa nada. Se sienten como aplastados bajo una nube densa de cemento y vulgaridad. Sueñan con cruzar de puntillas el puente que une Brooklyn con la isla que brilla al otro lado y donde imaginan que toda la gente está despierta bailando en locales tapizados de espejo, tirando tiros, escapándose en coches de oro y viviendo aventuras misteriosas. Y es que cuando la Estatua de la Libertad cierra los ojos, les pasa a los niños sin sueño de Brooklyn la antorcha de su vigilia. Pero esto no lo sabe nadie, es un secreto.

Tampoco lo sabía Sara Allen, una niña pecosa de diez años que vivía con sus padres en el piso catorce de un bloque de viviendas bastante feo, Brooklyn adentro. Pero lo único que sabía es que, en cuanto sus padres sacaban la bolsa negra de la basura, se lavaban los dientes y apagaban la luz, todas las luces del mundo le empezaban a ella a correr por dentro de la cabeza como una rueda de fuegos artificiales. Y a veces le daba miedo, porque le parecía que la fuerza aquella la

levantaba en vilo de la cama y que iba a salir volando por la ventana sin poderlo evitar.

Su padre, el señor Samuel Allen, era fontanero, y su madre, la señora Vivian Allen, se dedicaba por las mañanas a cuidar ancianos en un hospital de ladrillo rojo rodeado por una verja de hierro. Cuando volvía a casa, se lavaba cuidadosamente las manos, porque siempre le olían un poco a medicina, y se metía en la cocina a hacer tartas, que era la gran pasión de su vida.

La que mejor le salía era la de fresa, una verdadera especialidad. Ella decía que la reservaba para las fiestas solemnes, pero no era verdad, porque el placer que sentía al verla terminada era tan grande que había acabado por convertirse en un vicio rutinario, y siempre encontraba en el calendario o en sus propios recuerdos alguna fecha que justificase aquella conmemoración. Tan orgullosa estaba la señora Allen de su tarta de fresa que nunca le quiso dar la receta a ninguna vecina. Cuando no tenía más remedio que hacerlo, porque le insistían mucho, cambiaba las cantidades de harina o de azúcar para que a ellas les saliera seca y requemada.

Caperucita en Manhattan, Carmen Martín Gaité

P.9. ¿Cómo definirías el texto que acabas de leer?

- A. Expositivo.
- B. Narrativo con descripción.
- C. Descriptivo con diálogo.
- D. Argumentativo con narración.

P.10. ¿Cuál de estas afirmaciones sobre Manhattan es cierta?

- A. Es un barrio de Nueva York.
- B. Es la capital de Nueva York.
- C. Es una calle de Nueva York.
- D. Es un distrito de Nueva York.

P.11. ¿Cuál de los siguientes rasgos NO caracteriza a la madre de Sara?

- A. Tiene una profesión que le obliga a estar en contacto con los demás.
- B. Es una experta repostera.
- C. Es una persona generosa que no le niega nada a nadie.
- D. Es una persona preocupada por su higiene.

P.12. ¿Cuál de las siguientes afirmaciones es verdadera?

- A. Sara vive en Brooklyn.
- B. La madre de Sara solo hace tartas en ocasiones especiales.
- C. Al padre de Sara le huelen las manos a medicina.
- D. Nueva York es una ciudad que solo aparece en los libros y en las guías turísticas.

P.13. Busca en el texto una palabra que signifique:



1. Índice o lista de las calles de una ciudad _____.
2. Templo en el que se venera una imagen o una reliquia de un santo
_____.

P.14. Explica el significado de “*flanquear*” en la siguiente frase:

“Ver brillar las luces de los anuncios y de los rascacielos que flanquean el pastel de espinacas”



P.15. Busca en el texto dos ejemplos de figuras literarias e identifícalas.



1. _____
2. _____

P.16. Continúa el texto haciendo una descripción del padre de Sara semejante a la que se hace de su madre.



P.17. ¿Cuál de las siguientes imágenes representa mejor el lugar de trabajo de la madre de Sara?

A.



B.



C.



D.



O CELTIC NEWS

O meu nome é Rosa Ribeiro O'Flaherty, pero cando escribo sobre animais chámome *O ganso salvaxe*. Ás veces asino tamén como *Tulipán negro*, na sección de xardinería. E cando me vén unha pena grande, a nostalxia do perdido, escribo poemiñas aos que lles poño debaixo o nome de Fernando Ribeiro ou de Rose O'Flaherty, os meus pais.

El era un periodista que percorreu o mundo como correspondente de guerra. Estivo en Vietnam, en Irlanda do Norte e en Nicaragua. Neste último país perdeu un ollo e entón volveu á casa e fundou un pequeno xornal, o *Celtic News*, pensado para escribir sobre as cousas bonitas. No *Celtic News*, por exemplo, non se fala de accidentes nin de asasinatos. O meu pai dicía que quería reservar o ollo san para mirar só as cousas fermosas e boas da vida.

Cando me quería facer rir, cantaruxaba sempre unha canción mariñeira:

*Non hai nada, pai,
como o doce colo da nai.*

Ela, a miña nai Rose, fora actriz de teatro e o meu pai coñeceuna en Galway, Irlanda, cando facía de Xulieta, na obra *Romeo e Xulieta*, de William Shakespeare, e namorouse nada máis vela ao saír ao escenario. Sempre contaban, con moito sorriso, que se fixeron noivos despois de falarse soamente 127 palabras. Cando estou na cama e o sono tarda en chegar, eu póño a imaxinar ese diálogo de namoramento entre eles e vou contando as palabras.

“Así fican limpos de pecado os meus labios polos teus”, di Romeo. E dálle o primeiro bico a Xulieta.

Cando me namore, quero que sexa dun xeito parecido, con poucas palabras, as suficientes para durmir feliz.

O meu pai, co seu parche no ollo, dicía que mamá, Rose O'Flaherty, non necesitaba buscar as cousas fermosas da vida. Eran as cousas fermosas as que ían tras dela, como na noite van as aveláñas cara á luz.

Cando morreu Rose O'Flaherty, o meu pai entristeceuse tanto que se foi tras dela ao pouco tempo. Díxome un día que xa non podía ver cousas lindas co ollo san.

A miña única herdanza foi o *Celtic News*, este periódico pequeniño, de poucas páxinas e que só mercan os amigos e unha presa de incondicionais descoñecidos.

Para que vos deades conta de como é o *Celtic News* vouvos ler a noticia máis importante de hoxe, o gran titular da portada.

“Un vello da montaña dos Ancares viu onte o mar por vez primeira”.

Outras novas de interese que incluímos son, por exemplo, as tres seguintes:

“Esta noite haberá unha chuvia de estrelas fugaces na Polinesia”.

“Dorinda, a gata vagabunda, pariu tres gatiños na locomotora dun tren abandonado”.

“Homenaxe popular ao corredor que quedou de último na volta ciclista á illa Esmeralda”.

A redacción do *Celtic News* está nun baixo da rúa das Panadeiras, na cidade marítima de Atlán. Así que aquí antes facíase pan e agora faise un xornal. Por iso, cando os primeiros exemplares saen da máquina, o linotipista Pit e o tipógrafo Pat, que son irmáns xemelgos, din que o *Celtic News* vai quentiño coma un pan.

Bala perdida, Manuel Rivas

P.18. A protagonista do texto utiliza cando escribe nomes coma *Ganso salvaxe* ou *Tulipán negro*. Como se chama o nome usado por un escritor nos seus libros, en vez do seu propio?

- A. Sinónimo.
- B. Antónimo.
- C. Homónimo.
- D. Pseudónimo.

P.19. Cres que o *Celtic News* é un xornal coma os que podes mercar nos quioscos?

() Si

() Non

Argumenta a túa resposta con base na información do texto.



P.20. Sinala que adxectivos se lle poden atribuír á protagonista:

- A. Apática e reservada.
- B. Nostálgica e soñadora.
- C. Realista e despreocupada.
- D. Taciturna e tímida.

P.21. Que teñen en común as noticias do *Celtic News*?

- A. Ocorren en lugares afastados de Galicia.
- B. Pódense incluír na sección de ocio e cultura.
- C. Non teñen presenza de elementos trágicos.
- D. Todas falan de animais ou de plantas.

P.22. Transforma o seguinte enunciado e pásao a estilo directo.

*“O meu pai dicía que quería reservar o ollo san para mirar só as cousas
fermosas e boas da vida”*



P.23. Busca no texto tres palabras ou expresións referentes ao campo semántico do xornalismo.



P.24. O título do libro ao que pertence este texto é *Bala perdida*. Que significa a expresión “*ser un bala perdida*”?

- A. Non saber orientarse na cidade.
- B. Non saber nada de armas.
- C. Ser un tarambaina, con pouco xuízo.
- D. Andar sempre perdendo cousas.

P.25. Substitúe os adverbios subliñados por outros sen que cambie o sentido do texto:

*“Sempre contaban, con moito sorriso, que se fixeron noivos despois de
falarsse soamente 127 palabras”*



P.26. A partir do titular “Un vello da montaña dos Ancares viu onte o mar por vez primeira”, escribe unha noticia xornalística de cinco liñas.



MOITAS GRAZAS POLA TÚA COLABORACIÓN